



## Concello de Vilasantar

---

ACTA Nº 2019/9  
SESIÓN PLENARIA XOVES 11 DE XULLO DE 2019

### ACTA Nº 2019/9

#### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

XOVES 11 DE XULLO DE 2019



## ACTA Nº 2019/9

<p><u>Asistentes:</u></p> <p><b>PRESIDE:</b> FERNANDO PEREZ FERNANDEZ</p> <p><b>ASISTEN:</b> BNG ALVARO XESUS GARCIA FREIRE JOSE ANTONIO COTOS SEOANE PP JOSE DAVID PINTOR PAZO OSCAR VAZQUEZ CORRAL JOSE EMILIO MAHIA NEIRA JESUS GOMEZ GARCIA MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS</p> <p><b>AUSENCIAS:</b> BNG MARTA GARCIA SANCHEZ</p> <p><b>SECRETARIO:</b> AFONSO BIEITO LORENZO PENELA</p>
--

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O XOVES 11 DE XULLO DE 2019

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:00 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai

ser gravada. En consecuencia, a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirse ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

### ORDE DO DÍA

1. Orzamento 2019.
- 2.- Proposta de resolución de recoñecemento extraxudicial de crédito.
- 3.- Proposta de resolución de obrigas recoñecidas por erro.
- 4.- Solicitud de bonificación de IBI presentada a través da deputación provincial.



## **1. Orzamento 2019.**

A continuación o alcalde, Fernando Pérez Fernández, dá conta da presentación dos orzamentos para o exercicio de 2019, indicando que é consciente de que se presentan xa avanzado o exercicio e indicando que está informado pola Comisión especial de contas do 5 de xullo por tres votos a favor e unha abstención e que consta coa documentación esixida pola normativa en vigor e que segundo os informes de intervención e de avaliación cúmprese coa estabilidade orzamentaria e cos requisitos da débeda ao estar equilibrados os gastos cos ingresos e ao non chegar ao 75% de débeda pois andamos sobre o 12%, explicando cal é esta débeda (préstamo do 2005 e préstamo do POS 2017).

A continuación explica os datos fundamentais do orzamento, seguindo o esquema da memoria da alcaldía, indicando que o mesmo é, tanto en gastos como en ingresos, de 2.227.000,00 euros, e desgranando tanto os ingresos como os gastos por capítulos.

Transcorridos (06' 15") toma a palabra o portavoz do BNG, José Antonio Cotos Seoane quen, en resume, indica que o orzamento chega tarde, tiña que estar feito antes de decembro.

A continuación remarca a forte suba do soldo do alcalde, que cifra nun 25% o que lle parece unha barbaridade, cando o resto dos traballadores sube nun 2,5% por lei. No mesmo capítulo de persoal pregunta a que se debe o apartado de gratificacións (1.760,00 €). Finalmente tamén pregunta a que se debe a previsión dos 15.000,00 para compra de terreos.

Transcorridos (08' 20") toma a palabra o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández quen, en resume, contesta que a suba do alcalde a el sáelle que é do 20,56% (6.234,03 € de diferenza) e non 25%. O soldo está así dende o 2011 pois non se tocou, e xa no 2015, na acta de organización do pleno, falárase de actualizalo e que este deixara de pasar dietas por desprazamentos e comidas, que é o que se acordou para esta lexislatura. (Neste momento prodúcese unha interrupción pois o alcalde chama a atención ao concelleiro do BNG Álvaro García Freire por facer “espaventos”, o que provoca unha breve discusión). A continuación volve a indicar que ao terse aprobado a suba do 20% el vai deixar de pasar as dietas que presentaba con carácter mensual, que valora en aproximadamente 3.660 euros/ano (Unha diferenza real entre os soldos anterior e actual duns 2.864 euros, que vén ser un 9%).

A continuación pide ao secretario que explique o das gratificacións, informando este que é unha cantidade que se está a orzamentar por se é necesario utilizala nalgún momento para, por exemplo, ter que remunerar algunha hora extra, pero que na práctica hai anos que non se fai uso dela.

A continuación o alcalde explica que a previsión para compra de terreos é unha previsión para comprar un terreo para poder construír unha nave para gardar os vehículos do concello e máis que poda servir para funcións como a de poder pasar a ITV dos tractores xa que, engade, na



traseira do concello hai actualmente problemas para pasala por opoñérense os veciños propietarios da mesma.

Transcorridos (15' 05") toma a palabra o portavoz do BNG, José Antonio Cotos Seoane quen, en resume, contesta a esta última afirmación do alcalde sobre a pista de atrás do concello explicando que se acabou o contrato de cesión dos veciños ao concello, o que provoca un longo debate, sobre se a pista está para aguantar o peso dos tractores ou os escenarios das orquestras, e sobre a intervención da concelleira do PP Carmen Torreiros Cotos preguntando se non sería bo xuntar aos veciños, ao que contestou José A. Cotos que iso xa non é responsabilidade súa, que xa ten levado moitos rapapolvos por facer cousas, continuando o debate entre ambos concelleiros, con intervencións do alcalde, sobre a conveniencia de convocar a reunión dos veciños e sobre a situación dese terreo.

Transcorridos (24' 25") toma a palabra novamente o portavoz do BNG, José Antonio Cotos Seoane quen pregunta se a suba é dende xaneiro, con efectos retroactivos, ou dende a data do acordo, contestando o alcalde que por suposto é dende a data do acordo.

A continuación informa do erro do ingresos do velorio, que figura como 1000 E, cando en orzamentos anteriores fixábase en 1800 €, preguntando se houbo algunha modificación , contestándose que non, que o cambio da cifra debe de ser debido a un erro de transcripción mecanográfica, pero que en calquera caso é a cantidade que figura oficialmente na proposta de orzamento.

Transcorridos (26' 25") toma a palabra o concelleiro do BNG, Álvaro García Freire quen indica que na proposta da alcaldía sobre a suba do seu soldo non se dicía nada sobra as dietas, polo tanto iso non se aprobou, pois unha cousa son as deliberacións e outra o que se aproba.

Finalmente José Antonio Cotos Seoane indica do erro nas bases de execución do orzamento, onde se di que as dietas quedan fixadas en 0,21 euros/km para os membros da corporación unicamente, cando el entendera que era para todo o persoal.

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández, a Álvaro García que a proposta que se aprobou foi a que consta, o de deixar de pasar dietas é unha decisión propia deste alcalde. E está dito no pleno de agora así como tamén no de hai catro anos. En relación ao acordo das dietas por quilometraxe, indica que se aproba a suba agora cando el xa non vai cobrar dietas e que, efectivamente é para todo o persoal e que así está calculado no orzamento, acordando corrixir o erro de feito nas bases orzamentarias.

Finalmente o alcalde informa da subvención que se vai establecer para nenos nados no concello no ano natural.

Transcorridos (32' 50") sométense a votación os orzamentos do exercicio de 2019, adoptándose por seis votos a favor (PP) e dúas abstención (BNG) os seguintes acordos:



**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vilasantar, para o exercicio económico 2019 xunto coas súas Bases de Execución, e por un importe total de 2.227.000,00 euros no orzamento de ingresos e 2.227.000,00 euros no orzamento de gastos.

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

**TERCEIRO.** Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2019, as Bases de Execución e persoal aprobados, por prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**CUARTO.** Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

**QUINTO.** Remitir copia á Administración do Estado e da Xunta de Galicia

## **2.- Proposta de resolución de recoñecemento extraxudicial de crédito (33' 00") .**

O alcalde expón, por erro, a proposta de acordo da corrección de erro das obrigas recoñecidas (punto seguinte). Advertido do erro expón a proposta de resolución de recoñecemento extraxudicial de crédito.

Expón tamén que ambos expedientes foron informados favorabelmente pola Comisión especial de contas coa abstención en ambos casos do representante do BNG.

Transcorridos (34' 40") sométese a votación a Proposta de resolución de recoñecemento extraxudicial de crédito a cal resulta aprobada nos seus propios termos por unanimidade dos asistentes:

*PRIMEIRO. Aprobar o Recoñecemento extraxudicial de crédito dos asentos contábeis que figuran no expediente, e que son:*

- 9.393,85 euros a facturas presentadas ese ano por Gas Natural Fenosa, dese mesmo exercicio ou o anterior,
- 43.109,02 a facturas presentadas nas últimas semanas do exercicio anterior
- 3.495,65 por unha factura pagada no exercicio de 2016 que quedara pendente de aplicar ao orzamento.
- Total de 55.998,52 euros.



*SEGUNDO. Aprobar o Recoñecemento extraxudicial de crédito da Factura por importe de 957,23 euros, máis IVE de 201,02 euros (Total de 1.158,25) presentada por Acal SL nº 2018/01-00000011 de data 31-01-2018, correspondente a mantemento das instalacións de alumeado público do concello de Vilasantar durante o mes de decembro de 2017 da que consta a súa presentación no rexistro de entrada en data 23-02-2018 co número 299 sen que, por erro, fose rexistrada na plataforma sicalwin de contabilidade deste concello e, por tanto, sen que se tramitase.*

*TERCEIRO Efectuar a retención de crédito con cargo as partidas correspondentes para atender os compromisos que se deriven do recoñecemento de créditos extraxudiciais.*

### **3.- Proposta de resolución de obrigas recoñecidas por erro (34' 40").**

Como xa se dixo este asunto foi explicado polo alcalde ao inicio do punto anterior, sometido a votación a Proposta de resolución de obrigas recoñecidas por erro resulta aprobada nos seus propios termos por unanimidade dos asistentes:

*“PRIMEIRO. Aprobar a anulación de obrigacións contraídas por erro e rectificación de saldo dos asentos contables seguintes:*

220150000253	22014001460	2015 1621 21200	0,01	GUSTAVO CORRAL GOMEZ	PAGO FACTURA Nº 22 DE DATA 27/11/2014
220150001394	22015000675	2015 920 22201	270,73	CORREOS Y TELEGRAFOS	pagadas por factura 4500017415 de 26.03.2015. CONSTA COMO PAGADA 21-04-2016, VER MÁIS ADIANTE.
220150001600	22015000775	2015 920 22699	0,82	JOSE LUIS REY ,XESTORIA	PAGADAS POR FACTURAS N 537 DE DATA 24.06.2015

*SEGUNDO. Practicar os asentos contables necesarios para facer efectiva a anulación das obrigacións contraídas por erro e a rectificación do saldo”*

### **4.- Declaración de especial interese ou de utilidade municipal a efectos de bonificación de IBI presentada a través da deputación provincial (34' 50").**

O alcalde expón que María del Carmen Labandeira García presentou na deputación provincial a documentación necesaria para solicitar a bonificación do IBI mediante escrito presentado o día 21-12-2018 o cal tivo entrada neste concello en data 21-05-2019 por SIR 262.

A continuación dáse conta do artigo 4.2 da Ordenanza nº 1 deste concello, reguladora do IBI, que se reproduce a seguir:



Art. 4.2) - *Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.*

- *No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmovible se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.*

*Estas dúas bonificacións só beneficiarán aos profesionais en activo do sector primario que desenvolvan actividades agrarias, gandeiras ou forestais. Aplicarase unha bonificación do 30% aos pensionistas do réxime especial agrario que xa non estean en activo, no caso de cumprir as prescricións contidas nos dous parágrafos anteriores.*

*Para poder aplicar esta bonificación á construción cuxa existencia motiva a súa solicitude, deberá estar dada de alta debidamente en Catastro e ter asinado un valor catastral económico*

*Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

*A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao de presentación de solicitude.*

*Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:*

- *Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.*

- *Declaración de que no inmovible para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal. Dita declaración deberá vir asinada polo suxeito pasivo.*

- *Acreditación da titularidade catastral do inmovible.*

- *Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.*



## Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2019/9  
SESIÓN PLENARIA XOVES 11 DE XULLO DE 2019

- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.

- No caso de pensionistas do Réxime especial agrario deberán de presentar xustificación da orixe da pensión.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto de esta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Dáse conta igualmente do informe realizado pola traballadora deste concello Trinidad Veiras Freire quen informe que, de acordo coa documentación presentada, a interesada ten dereito a unha bonificación do 30%, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2019 (por terse presentado a solicitude en forma antes do 31 de decembro de 2018).

Unha vez explicado polo alcalde e o secretario o motivo da presentación desta solicitude de forma diferente as aprobadas no pleno de 11-04-2019, e non habendo máis intervencións sométese a proposta a votación resultando aprobado por unanimidade dos asistentes, o seguinte acordo:

1) Aprobar a bonificación do 30% solicitada en escrito preentado por María del Carmen Lavandeira García a través da deputación provincial, correspondente á referencia catastral 4813901NH774150001GF .

2) Remitir copia do presente acordo ao servizo de recadación da deputación provincial e a interesada, para a súa constancia e aos efectos oportunos.

Sendo as 13:36 horas e transcorridos 36' 50" non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu secretario dou fe.

Vilasantar, xoves 18 de xullo de 2019

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela

Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández